

11 de xaneiro de 2021

Estimados Socias e Socios:

Parece increíble, pero os dous anos da miña Presidencia en ASEICA xa pasaron. Con esta carta, quero despedirme de todos vós, aínda que coído que este adeus é máis un deica logo ca un punto e aparte propiamente dito.

Aínda que tiñamos as ideas claras dende o principio, os inicios desta viaxe conlevaron certa dose de incerteza e responsabilidade. Poderíamos levar a cabo o noso proxecto de forma eficiente? Como poderíamos facer que ASEICA se convertese de xeito efectivo nun motor da ciencia e a oncoloxía en España? Seríamos capaces de facelo? Esta responsabilidade era aínda maior tendo en conta a salientable presidencia anterior de **Carlos Camps**.

A pesares destas dúbidas que coído son inherentes a cada proxecto que comeza, o que tiñamos claro era a filosofía que desexabamos seguir en ASEICA. Queríamos apostar pola xente nova, enfrontarnos aos problemas de xénero que por desgraza aínda existen tanto consciente como inconscientemente na nosa área, establecer áreas comúns de acción con sociedades científicas irmás no campo da oncoloxía e, por suposto, fortalecer as actividades científicas e de proxección social de ASEICA entre os membros, os pacientes e a sociedade en xeral.

Tamén tiñamos claro unha cousa: odiábamos o modelo da sociedade científica clásica que vive na súa burbulla de vidro e que, basicamente, só centra as súas actividades arredor dos seus congresos periódicos. Nós en cambio apostabamos por unha ASEICA que, sen esquecer a importancia das actividades científicas para os seus membros, fose moi dinámica en canto á participación dos seus membros na vida diaria da Asociación.

Tamén pensamos que, tendo en conta os problemas cos que se enfronta a investigación sobre o cancro, non valían os típicos laios entre nós. Había que baixar ao barro, enlamar-se nel e loitar activamente na defensa da investigación en todos os ámbitos posibles: medios de comunicación, redes sociais, sociedades de pacientes, grupos políticos e administracións públicas. E, por suposto, combinar estas actividades con propostas posibilistas que servisen para paliar os déficits crónicos do sistema científico español. Tamén coidabamos que estas accións tiña que facerse en sincronía con outras sociedades científicas, de pacientes e de empresas innovadoras para acadar unha voz máis potente nas áreas de discusión mencionadas anteriormente.

Finalmente, tamén pensabamos que, ao contrario da opinión dalgúns de que os científicos non podemos abandonar a nosa torre de marfil, tiñamos que baixar ao mundo real e falarlle na súa propia lingua.

Non vos vou aburrir con toda a lista de accións que levamos a cabo seguindo esas ideas matriciais durante estes dous anos. Tamén vos deixo a vós a avaliación de se este esforzo foi positivo ou non. Por suposto, só podo dicirvos que toda a Xunta Directiva saínte traballou moi intensamente para levalas a cabo.

Neste sentido, gustárame agradecer o apoio que sempre tiveren de todos os membros da Xunta Directiva saínte para levar a cabo este esforzo de forma colectiva ao longo destes dous anos. Por suposto, ao Presidente-Electo, **Luís Paz-Ares**, que sempre colaborou en cada unha das accións que levou a cabo a Presidencia. A **Marisol Soengas**, sen cuxa obra non serían posibles os éxitos das iniciativas ASEICA-Muller, ASEICA4You e ASEICA-Responde, actividades que moitos agora queren imitar. A **María Caffarel** e **Verónica Torrano**, polo gran traballo e entusiasmo investido en ASEICA-Xove e ASEICA4You. A **Ana Cuenda**, polo seu inestimable traballo en ASEICA-Comunicación. A **Gema Moreno**, pola súa colaboración en ASEICA-Muller, ASEICA4You e por sacar sempre as castañas do lume ao Presidente cando se lle pediu. E a **Arkaitz Carracedo**, **Ángélica Figueroa**, **Roger Gomis**, **Rafael López** e **Héctor Peinado** pola súa colaboración en áreas como ASEICA-Muller, ASEICA-Sociedade, ASEICA-Comunicación e ASEICA-Xove. E a **Carlos Camps** que, como Presidente-Previo, sempre estivo ao meu carón para asesorarnos cando foi necesario.

Xunto con eses nomes propios, coído que se debe salientar o traballo de moita xente que de xeito anónimo e desinteresado tamén quixeron impulsar as actividades de ASEICA connosco. Falo aquí dos embaixadores e embaixadoras de ASEICA, dos científicos e científicas que participaron nas actividades de ASEICA-Muller, dos que colaboraron nas tarefas de avaliación de proxectos de investigación e dos grupos de predoutorais e posdoutorais que se organizaron para facer posible ese dinamismo que queríamos a principios de 2019 para ASEICA. A todos, grazas pola vosa implicación e entusiasmo. Sen dúbida foi un privilexio traballar con todos vós. Anímovos a seguireis facendo de ASEICA unha sociedade cada vez máis viva e dinámica nos próximos anos.

Tamén me gustaría aproveitar esta carta para dar a benvida aos novos membros da nova Xunta Directiva, **Toni Celià-Terrassa**, **Eduardo López-Collado**, **Gema Moreno**, **Aleix Prat** e **Susana Puig**. E, obviamente, a **Luís Paz-Ares** e **Marisol Soengas** como os novos Presidente e Presidenta-Electa, respectivamente. Aquí me tendes para o que creades conveniente. Lembrade que, como dicimos a todos os novos membros da nosa Xunta Directiva, "aquí vense a traballar".

Cada presidente de ASEICA ten, obviamente, o seu propio acento e *modus operandi* idiosincráticos. Nin eu fun coma Carlos nin Luís será coma min. O que non cambia é que todos estamos comprometidos en facer de ASEICA unha Asociación cada vez máis relevante desde o punto de vista científico e social no noso país. Este é un proxecto sempre aberto e mellorable, onde espero que participen activamente non só os presidentes e membros da Xunta Directiva senón tamén os case xa 1000 socios e socias de ASEICA. Xuntos, desde logo, conseguiremos este obxectivo.

Despois de dous anos, xa non hai dúbidas nin incertezas. Só fica a sensación de que, vaia, faltounos un pouco máis de tempo para facermos aínda máis cousas. Pero non teño dúbida de que o que queda por facer será acadado axiña se todos e todas seguimos a apostar

activamente por unha ASEICA dinámica, viva e activa. Por iso, máis ca un adeus, esta carta quere ser simplemente un ata loguíño.

Unha aperta a todos e todas,

**Xosé R. Bustelo**

Presidente, ASEICA.